

# Curros Enríquez escolmado por Cabanillas: tres epístolas inéditas a César Alvajar

XOSÉ MARÍA DOBARRO PAZ\*

## Sumario

Trátase da difusión dos clásicos galegos do século XIX desde o exilio parisino con César Alvajar de intermediario e Ramón Cabanillas de introductor e antólogo.

## Abstract

It is about the diffusion of nineteenth century Galician writers from their exile in Paris by César Alvajar as mediator and Ramón Cabanillas as prolog writer and anthologist.

No prólogo -datado en Madrid o “31 do mes de Nadal do 1951”- á biografía de Curros que, con ocasión do centenario do nacemento do poeta celanovés, publicaron Augusto González-Besada Estévez e Melendo Valdés (1952) Cabanillas lembraba que chegara a Cuba “dous anos dimpois da rubida do vate ós pazos sideraes” e que lle ouvira falar del aos que foran seus grandes amigos na illa (Nicolás Rivero, Castro Chané, Fontenla Leal, Adelardo Novo...) gabando a súa brillante pluma “crítica e loitadora, patriótica, xusta e certaíra” así como a firmeza das súas conviccións en defensa dunha autonomía que chegaría tarde (1952: 2).

Meses despois, a revista *Suevia* (5, 7-III-1912) dedicaba -como adoitaban facer todas as publicacións da colonia galega anualmente-un número conmemorativo do 4º aniversario da morte do poeta de Celanova e Cabanillas vai colaborar cun poema sen título, que máis tarde, co de “¡Curros!”, incluíría en *No desterro* (1913) e, posteriormente, en *Da terra asoballada* (1917), dentro da sección “Santos da nosa terra”:

Cayeu na mau dos anxos certo día  
«A Virxe do Cristal»,  
a lenda meiga, fror de poesía,  
d’uns amores fanal.  
Os seus cantos ó ler, -como ferido  
que xordo e sin sentido  
do sono doente d’unha freb’esperta,-  
o coro anxelical  
quedou co-a boca aberta.

Pasmados do linguaxe feiticeiro  
d’aquel cantor meigallo qu’os namora,  
acordaron de cote no rueiro  
ir á falar do caso milagreiro  
xunto a Nosa Señora.

---

Xosé M<sup>a</sup> Dobarro Paz é catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. Dedicada a súa atención preferente aos escritores galegos do século XIX e aos dos tempos das Irmandades da Fala.

N-un soilo vó, hastra seus pes chegaron,  
 bicáronlle o mantelo,  
 poñend'as maus en crus as áas pecharon,  
 e no ideoma do amor, tenro e sinxelo,  
 diante da Santa Virxe eisí rezaron:  
 -N-un curruncho da terra, aló en Galicia,  
 hay un cantor dos bós;  
 tan dóce é seu sentir, tanto acaricia  
 o eco da sua vós  
 que decilo, Señora, é de xusticia...  
 faino millor que nos!  
 Non achou nos seus eidos nin amores  
 nin boa voluntá  
 y-unque en estrana terra lle den frores  
 morre de soedá...  
 si queres ter mayestro de cantores  
 traino pra xunto nos, traino pra acá!-

Y-a Nay de Dios surrindo agarimosa,  
 mentras o ceo enteiro se arremuiña,  
 dixo co-a vós con que falou á Rosa  
 do val de Vilanova *na Pedriña*:  
 -Falades d'un amigo: xa o conosco:  
 terédelo con vosco  
 que xa pensei no caso moitas horas  
 y a mais de ser o voso é o meu deseo.-  
 .....  
 ¡Y-ó autor das triadas fungadoras,  
 -queira ou non,- metérono no ceo!

Nel, como doadamente pode verse, mostra a súa admiración polo poeta a quen, desde a súa óptica cristiana, quere salvar como home -malia que se resista- pola grandeza dos seus versos dedicados á Virxe do Cristal. Quen así cantaba non podía estar noutro lugar que non fose o ceo.

Mais a vinculación, como poeta, con Curros vaille vir da man de Basilio Álvarez (1913: 5) cando comeza a súa introducción a *No desterro* declarando abertamente: “Ya hemos encontrado al poeta, al gran poeta que nos llevaron el día que enterraron a Curros”, afirmación que axiña atopou eco noutras reseñas do poemario do de Fefiñáns como a do cubano Joaquín N. Aramburu (1913)

Lo dice Basilio Álvarez, y Basilio no sabe mentir: Ramón Cabanillas recogió en un rincón de cierta sala del sanatorio “Covadonga” el plectro vigoroso que allí dejara un mimado de las Musas y vocero insigne de las ansias del alma gallega. Manuel Curros va a ser sustituido en el cantar dulce y el centellear de indignaciones patrióticas por Ramón Cabanillas.

Mais Cabanillas nunca se manifestou a respecto da verdade destas afirmacións. El entendía que o mellor que tiña o seu primeiro libro eran as composicións da sección “Rimas”, moi na liña das de Rosalía.

Aínda así, xa de volta da emigración forzada caribeña, vai ser saudado por Porteiro Garea no acto de constitución da Irmandade da Fala de Santiago como continuador de Curros

Dase o caso n-os momentos máis tristes e máis propios pró rexurdimento, de que aparece un home superior, enfermo d’hipertrofia d-o corazón, que sinte n’el todol-os dores da patria, e adoecido vólvese á multitud e unhas veces chámaa con tenruras de pai, e chega a axionllarse diant’ela no pra idolatral-a, senon pra pedirle que’o oya que volva en sí, que non se deixe morrer n-o colo imbécil d’a louvanería... E se con cariño non consigue despertal-a, revólvese, brangue a tralla, crúzall’a cara, sacúdea, aldráxaa, faina sangar, dall’a ulir amoniáco...

[...]

Nós temos tamén o noso home. Non é un sabio, é un poeta, un enorme poeta tan grande como Curros, e ca ventaxa de qu’os seus versos toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Junqueiro, Rubén, D’Annunzio.

Cabanillas é o cardíaco que ven á remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal. Hémolos poñer por cabeza d’este movemento, que si percisa moito estudio e moito sacrificio, ten as súas raíces n-o corazón -onde nacen os versos fortes, e altivos, y-os pianos y-amorosos de Cabanillas que todos manan da mesma fonte-. Estas sacudidas levan sempre diante un vate, un profeta, un rebelde (un tolo din as xentes porque predica ós que dormen) que loitando ca disgracia, ca cólera dos podrosos qu’embisten n’el como’o mar n-os baixos, co sono dos medianos qu’abandonan, e c’a probeza d’os probes que non s’atreven, vai pol-a terra asovallada aturuxando.

Ao pouco, o 8 de marzo de 1917, morría Pondal e o voceiro nacionalista *A Nosa Terra* (ANT 1917) comeza a relacionalo con el, como o seu sucesor para encarnar a figura de bardo á par que reclama que sexa o seu substituto na Academia Galega

Na Academia Gallega, deixou unha cadeira valeira a morte de Pondal.

¿Quen pode sustituir o Bardo?

Somente un home cheo de lus ven á nosa pruma: o de Ramón Cabanillas. ¿Hai outro capaz d’opoñérselle?

O xenial autor de *Vento Mareiro* ten que ser o substituto do xenialísimo autor de *Queixumes dos Pinos*.

Mais Cabanillas (1920: 29) segue a manifestar a súa devoción por Rosalía por riba de todo, tal e como expresa con ocasión do seu discurso de ingreso na Academia

E chego a un punto no que se me encolle o corazón e o pensamento esváiseme, afundido na grandeza, na inmensidade d-un nome.

Para voar astra Rosalía é mester conecel-os camiños do ceo.

Cando tivo que escoller un tema para o discurso de ingreso na Real Academia Española (Cabanillas s.d.: 5), que tivo lugar o 26 de maio de 1929, optou por Pondal: “Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal”. A escolla viña motivada, cando menos en parte, porque non había moito que as figuras de Rosalía e Curros foran abordadas por Augusto González-Besada e Manuel Linares Rivas, respectivamente, o que non é óbice

para que exprese a súa “admiración por la labor del bardo egregio” e recoñece que enchera “de sugerentes visiones las horas juveniles en que comenzaron a aprisionarme los encantos y arrobos de la emoción poética”.

Anos andados e xa no final da súa longa vida tería a oportunidade de verquer a súa opinión demorada sobre o noso grande poeta cívico.

En 1953, pouco despois da celebración -escasa entre nós, non no exilio, por correren malos tempos mesmo para a lírica- do centenario do nacemento, a editorial Monte Medulio -nome simbólico da resistencia- radicada no exilio parisino decidiu editar -non coñecemos ningunha outra mostra editorial baixo este selo- un volume con versos das tres nosas grandes voces poéticas decimonónicas: *Poemas. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal. Curros Enríquez*. Tratábase, como ben se desprende do colofón, dunha obra de luxo, de bibliófilo

ESTE LIBRO REMATOUSE DE IMPRENTAR EN PARIS  
O 15 DE OUTUBRO DE 1954.

AS 15 LITOGRAFÍAS QUE O ILUSTRAN,  
3 EN COLOR E 12 EN NEGRO,  
FORON TIRADAS NAS PRENSAS A BRAZO POL-O  
ATELIER D'AR EDMOND DESJOBERT, IMPASSE CŒUR-DE-VEY.

A COMPOSICION FOI FEITA A MAN CON FIRMIN-DIDOT DE 16  
E IMPRENTADA POR «LA RUCHE», 20, RUE LALANDE.

A EDICION, STRICTAMENTE LIMITADA A 215 EXEMPLARES  
EN PAPEL VITELA FIO PURO DAS PAPELERIAS DE RIVES,  
REPARTESE ASI:

15 EXEMPLARES CONTENDO UNHA SERIE DAS ILUSTRACIONS  
EN NEGRO E MAIS EN COLOR, TIRADA EN VITELA DE LANA,  
NUMERADOS DO I Ô XV.

200 EXEMPLARES NUMERADOS DO I Ô 200.

ALGUNS EXEMPLARES FORA DE VENDA E NOMINADOS

FORONLLES RESERVADOS  
ÔS AMIGOS E COLABORADORES DO EDITOR.

A escolma de 10 poemas de cada poeta e mais unha breve introducción de 52 liñas encargáronlla, respectivamente, a Domingo García-Sabell, Ramón Otero Pedrayo e Ramón Cabanillas.

Por tres cartas, ata o de agora inéditas<sup>1</sup>, que se conservan no arquivo da Real Academia Galega coñecemos algúns pormenores da edición deste libro. Hai anos que nolas facilitou o infelizmente desaparecido bibliotecario da institución D. Juan Naya e hoxe, tendo en

1 O profesor e amigo Xesús Alonso Montero non puido telas en conta para incluír no apartado de correspondencia do volume 3 da súa magna e ben documentada edición das completas de Cabanillas (1981) xa que a tiña ultimada cando foron doadas á Real Academia Galega por Javier Alvajar López que foi, segundo consta no sobre que as contén, o 7 de marzo de 1979.

conta que o Arquivo de Betanzos posúe uns importantes fondos doados pola familia Alvajar, semella que atoparon o lugar idóneo para a súa publicación.

Non coñecemos cando se dirixiron a Cabanillas os exiliados da editorial Monte Medulio, mais debeu ser a comezos de 1953 xa que a primeira das cartas de resposta data do 15 de maio dese ano e alude, cando menos, a unha anterior. Nela, o poeta da raza fai unha selección numerando por orde de preferencia as seis primeiras e dando opción de escolla en tres dos casos. Logo dá outras indicacións sobre o porqué dalgún rexeitamento ou de posibles incorporacións.

Os editores seleccionarían estas 6 composicións, que logo reproducirían nesa orde, e completan a decena con catro das alternativas -deixan fóra “Na morte de miña nai”-, prescindindo das dúas que a Cabanillas lle parecían tamén definitivas: “Cartas perdidas” e o “Último fidalgo”. Non obstante, cando Cabanillas lles enviou, coa carta de 6 de xuño, copia de “A Rosalía”, incluírían esta e prescindirían de “Unha boda en Einibó”.

Nas liñas limiares interpreta como Curros irrompe no ano oitenta cando esmorecía o romantismo fortemente céltico, cando Rosalía “orballaba as «Follas novas» co-as bágoas acedas dos seus líricos sentimentos” e cando Pondal “tallaba a martelazos, n-unha laboura revoltada, sin axuste [...] as épicas oitavas reais de «Os Eoas»”.

Foi entón que, desbridado, as azas tensas e a bafarada recoita, descéu ós nosos eidos o Pegaso, cabalgado por un mozo rexo e destemido, portador d-unha framea flamexante e unha lira de ouro e ferro. Era Curros, o Curros que tería de ser por sempre, -no tempo da intensidade e da violencia,- o primeiro poeta civil da nosa Terra.

Segundo Cabanillas, aparecía un poeta que se revelaba como un bardo inigualable na mestría e na fortaleza na forxa do verso e no arriscado da expresión, un home que era, no dicir da Pardo Bazán «tout d’une pièce».

Analiza tamén os poemas, aludindo á “imposta brevedade deste limiar” e manifestando non ser o “home doado” para facer un razoado xuízo do labor do poeta. Limitáase a indicar que a súa “lira torva” tocou todas as cordas: “tenra”, “pintórica”, “armoñosa”, “cramorosa”. Como firme crente que era, non podía faltar a necesaria referencia a “Tempro deserto”, na que intenta explicar a súa traxedia de descrido, á que se refería na carta. Considera que, se cadra, é o “Nouturnio” a “máis representativa e xenial das suas poesías” e conclúe considerando que Curros “Home indomeñable, austero, ríxido e pasional, é o meirande poeta da nosa Terra”.

Introducía, pois, un xuízo de valor clasificatorio que estaba ausente nas súas aproximacións anteriores, mesmo de pouco tempo antes, pois nelas (Cabanillas 1952: 3-4) o celanovés era “todo un home, o que se chama “un caráuter, como feito d-unha peza” que “reaucionaba fortemente, até con carraxe e violencia, contra das inxusticias sociaes e da incompreensión dos que estimaba chamados a lidar contra desmáns e floxedades e a seguir un camiño de dinidade”, mais non era nin o primeiro nin o máis grande.

En 1967, xa morto Cabanillas, a Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas a Curros. Con este motivo a editorial Galaxia editou unha antoloxía na que reproduce como “Limiar” este texto do poeta do Salnés, mais a selección dos textos -trece fronte a dez-, de autoría anónima, só coincide en parte coa súa: “O gueiteiro”, “A primaveira”, “¡Ai!”, “Cántiga”, “Nouturnio”, “A emigración”, “Tangaraños” e “Encomenda”. Desaparecen “Tempro deserto” e “A Rosalía” e introdúcense “Na morte de miña nai”, “Sola”, “Xuramento” e anacos de “A Virxe do Cristal” e “O divino sainete”.





REAL ACADEMIA  
ESPAÑOLA

Dr. D. Cesar Alvaraz  
París.

15 Mayo  
Madrid

Meu moi querido amigo:

Como lle indicara na miña carta derradeira, toméi a ler as poesías de Curros, consultei algúns amigos entendidos, e, sin pretensións de acerto, tracei esta guía:

- 1 - Korturmo. Poesías
- 2 - Tempo deserto.
- 3 - ¡Ay!... - (ou a "Cantiga", ou "A morte de miña nai".)
- 4 - A Emigración.
- 5 - O Sueiteiro - (ou "O Noivo", ou "Unha voda en Eimbo".)
- 6 - Encomenda - (ou "Tanganais".)

O "Korturmo", "Tempo deserto" e "Encomenda", estímanse fundamentais na obra do poeta, e a segunda parece-me que acurara a súa traxedia.

División destas pareceríame definitivaas "Cartas perdidas" e o "Ultimo fidalgo".

Non meñois "Novando o diav" porque sendo unha imitación de Beranger non se si será aceptada para o público francés. E tampones me decidín pol-a "Fogosa fría" porque a verdade é que é un pouco falsa, o que o devito de aíto non era cousa privativa dos moures e ademais caben máis vidas.

Tería que alongarme moito para xustificar a miña decisión.

En todo vostedes dirán as últimas verbas. Bravo que gustaríame coocer os títulos das que dicen para trazer as liñas limiares.

Hevi de presa, méndalle unha forte aperta seu amigo de corazón

Jamirabauilla

Madrid. 9 seis de maio de 1953

Sr. D. César AlvaJar  
Paris.

Abeu moi querido amigo: Entrei no setenta e oito ano da miña idade con mal fe: estón moi decaído, un pouco coito e trouqueante no camiñar.

Maíndolle as 52 liñas luniares para o folletín de Curros, feitas honradamente, como impresión e parecer persoal, a fresa porque estón canso e poído que caa un pouco chocho. Si lles non gustan, troqueas ou quindezas porque eu son home, - e non é modestia, - uns vaidades nin a máis pequena diu- ca de amor propio.

Teño pensado saír dentro d-unha semana para Baracaldo onde vive a maor das miñas fillas, que fai seis anos non vezo e entraime o medo de morrer sin

vol-a. A miña dirección ali é: "Fueros, 29, 3º - Baracaldo."

Maíndolle tamén cópia da poesía de Curros na morte de Rosalía que, o meu xuício, é unha xota, e como é pequena coído que, si hai un buraco na filequette, debían inscribila.

Fai tres ou catro días, estivo eiquí Valentín Paz Andrade e díxome que o bon amigo Maide está un pouco floxo de saúde. Díol-o poira forte.

Unha forte aperta a Colmeiro, a quen lembramos a cotío, e a todos eses bos amigos e paisanos.

Sabe que me ten sempre ás esas ordes e que o quere e ademira de corazón, seu irmán no amor á Terra

Jaminocabanillas

1

Sr. D. Cesar Alvajar  
París

15 Mayo<sup>2</sup>  
Madrid

Meu moi querido amigo:

Como lle indicara na miña carta derradeira, tornéi a ler as poesías de Curros, consultéi algúns amigos entendidos, e, sin pretensións de acerto, tracéi esta guía:

- 1 - Nouturnio.
- 2 - Tempro deserto.
- 3 - ¡Ay!... (ou a “Cantiga”, ou “Na morte de miña nai.)
- 4 - A Emigración
- 5 - O Gueiteiro - (ou “O Maio”, ou “Unha boda en Einibó”.)
- 6 - Encomenda - (ou “Tangaraños”.)

O “Nouturnio”, “Tempro deserto” e “Encomenda”, estimoas fundamentaes na obra do poeta, e a segunda parecece que acrara a sua traxedia.

Dimpóis d-estas, parécenme definitivas “Cartas perdidas” e o “Ultimo fidalgo”. Non incruo “Mirando o chau” porque sendo unha imitación de Beranger non sei si será axeitada para o público francés. E tampouco me decidín pol-a “Igrexa fría” porque a verdade é que é un pouco falsa, xa que o dereito de asilo non era cousa privativa dos monxes e ademáis salvóu moitas vidas.

Tería que alongarme moito para xustificar a miña elección.

Con todo vostedes dirán as últimas verbas. Craro que gustaríame conocer os tíduos das que elixan para trazar as liñas limiares.

Moi de presa, mándalle unha forte apreta seu amigo de corazón

Ramón Cabanillas  
(Rubricado)

2

Madri. A seis de maio de 1.953<sup>3</sup>

Sr. D. César Alvajar  
París

Meu moi querido amigo: Entréi no setenta e oito ano da miña idade con mal pé: estou moi decaído, un pouco xordo e trenqueleante no camiñar.

Mándolle as 52 liñas limiares para o folletíño de Curros, feitas honradamente, como impresión e parecer persoal, a presa porque estou canso e poida que xa un pouco chocho. Si lles non gustan, tróquenas ou guíndenas porque eu son home, -e non é modestia,- sin vaidades nin a máis pequena chisca de amor própeo.

Teño pensado sair dentro d-unha semán para Baracaldo onde vive a maor das miñas fillas, que fai seis anos non vexo e entróume o medo de morrer sin vela. A miña direución ali é: “Fueros, 29, 3º - Baracaldo.”

Mándolle tamén cópea da poesía de Curros na morte de Rosalía que, ó meu xuicio, é unha xoia, e como é pequena coido que, si hai un buraco na plaquette, debían inxerila.

Fai tres ou catro días, estivo eiquí Valentín Paz Andrade e díxome que o bon amigo Maside está un pouco floxo de saúde. Diol-o poña forte.

---

2 Cuartilla manuscrita con membrete da Real Academia Española. Leva unhas numeracións a lapis. “Rosalia”; e 7, 8, 9 10 sobre “Cántiga”, “O Maio”, “Unha boda en Einibó”, e “Tangaraños”, respectivamente.

3 Cuartilla manuscrita polas dúas caras. A lapis no mes pon Junio



Cambados, o 24 de Santiago. 1953.

Sr. Don César Alvarar

Paris.

Abeu moi quando amigo: Estiveu en Baracaldo, onde recibín a ua.; Que formoso país!; Que diuidade persoal, que señorío amable e que amor e apego ó seu! Recalei en Pontevedra onde pasei dez días con meu irmán Manuel, e atógnome en esta miña vila mariñeira onde paso as horas mortas veira d'este mar de Atlante, tranquiú, en rumbera conversa cos fiúceiros fuzgadores. Oute estiveu en Vigo: fun a xantar c-uns amigos vellos e falamos de vostede lembrándos con saudade. Recibín o esprendido regalo da editorial Monte Medulio; douz milleiros de graias para ela e para vostede, xa que eu. decemais foi tan compridamente correspondida cunsa de tan cativo merecemento. ¡A Terra lles pagará canto fan por ela! Dimpiris da tempestade virá a calma.

Esquiritiville ó chegar a Castropol, que espero sexa a medeado do que ven. Galicia está moi apagada: non hai peixe, non hai vercaucats e a vida económica floxeca, mais esta nosa raza vivén sempre de esperantas e dezaros.

Sabe con de verdade lle quero e ademira seu bo amigo

Jamón Cabanillas

Unha forte apreta a Colmeiro, a quen lembramos a cotío, e a todos eses bos amigos e paisanos.  
Sabe que me ten sempre ás súas ordes e que o quere e ademira de corazón, seu irmán no amor á  
Terra

Ramón Cabanillas  
(Rubricado)

3

Cambados, o 24 de Santiago. 1953<sup>4</sup>

Sr. Don César Alvajar  
Paris.

Meu moi querido amigo: Estiven en Baracaldo, onde recibín a súa. ¡Qué formoso país! ¡Qué  
dinidade persoal, qué señorío amable e qué amor e apego ó seu! Recalé en Pontevedra onde pasé  
dez días con meu irmán Manolo, e atópome en esta miña vila mariñeira onde paso as horas mortas  
veira d-este mar de Atlante, tranquíu, en rumorosa conversa cos piñeiros fungadores. Onte estiven  
en Vigo: fun a xantar c-uns amigos vellos e falamos de vostede lembrándoo con saudade. Recibín o  
espréndido regalo da editorial monte Medulio: dous milleiros de gracias para ela e para vostede, xa  
que endexamáis foi tan compridamente correspondida cousa de tan cativo merecemento. ¡A Terra  
lles pagará canto fan por ela! Dimpóis da tempestade virá a calma.

Esquirbiréille ó chegar a Castropol, que espero sexa a medeado do que ven. Galicia está moi  
apagada: non hai peixe, non hai veraneante e a vida económica floxea, mais esta nosa raza vivéu  
sempre de esperanzas e de garos.

Sabe can de verdade lle quere e ademira seu bo amigo  
Ramón Cabanillas  
(Rubricado)

### Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, B., 1913, «Introducción», in CABANILLAS, Ramón, *No desterro. Visiones gallegas*.  
Habana: Imprenta «La Universal», 5-8.
- ANT, 1917, «O noso voto. Cabanillas, ten de sere académico». *A Nosa Terra*, 30-V.
- ARAMBURU, J. N., 1913, «Baturrillo», *Diario de la Marina*. Edición de la tarde, 30-IV.
- CABANILLAS, R., 1920, *A saudade nos poetas gallegos*. Discurso lido por ... o día 31 de agosto  
do ano 1920, en que se celebrou no balneario de Mondariz o seu recibimento na Real Academia  
Gallega e contestación de Eladio Rodríguez González, secretario da Academia, A Cruña, Tip.  
«El Noroeste».
- CABANILLAS ENRÍQUEZ, R., s.d., «Discurso de ..., electo para la sección de Lengua Gallega»,  
in *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública de D. Ramón  
Cabanillas Enríquez el día 26 de Mayo de 1929*, Mondariz-Balneario, Imprenta del  
Establecimiento «Hijos de Peinador».
- CABANILLAS, R., 1952, «Prólogo», in GONZÁLEZ-BESADA ESTÉVEZ, A./MELENDO  
ABAD, F., 1952, *Manuel Curros Enríquez. Biografía*, Prólogo de Ramón Cabanillas (de la  
Real Academia Española). Madrid: Artes Gráficas Minerva, 1-6.
- CABANILLAS, R., 1981, *Obra completa*, 3, Edición, limiar, notas e bibliografía de X. Alonso  
Montero. Madrid: Akal Editor, 477-505.
- PORTEIRO GAREA, L., 1917, «Múseca e poesía». *A Nosa Terra*, 25-I.

4 Cuartilla manuscrita polas dúas caras.





*As 5 ilustracións (estas e as da páx. seguinte) que acompañan a selección dos poemas de Curros feita por Cabanillas para o libro de Alvajar.*

*As que van cos poemas de Rosalía son de Laxeiro e cos de Pondal de Colmeiro. Estas son de Baltasar Lobo (1910-1993), escultor zamorano que despois de loitar na guerra se exiliou en Francia chegando a ser recoñecido internacionalmente agás aquí pola súa militancia antifranquista.*

